



A Xunta recibe o Premio á Excelencia na Xestión Residencial polo seu programa de turismo social

11



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu no Parlamento galego, a petición propia, para dar conta da situación desenvolvida ata o momento no seo do diálogo social en Galicia

12

A nova rede galega de centros de Xuventude ampliará e unificará todos os servizos e os recursos destinados á mocidade galega



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, presentaron hoxe en rolda de prensa a iniciativa "Espazo Xove"
- ▶ Trátase de actualizar o equipamento e funcións dos centros da xuventude que dependen do Goberno galego e de ofrecer unha información transversal e integral aos mozos e mozas.

14

Informe do paro rexistrado

O paro descendeu en Galicia en 8.682 persoas en xuño, un 3,8 por cento, fronte ao 2,06 da media do Estado

- ▶ A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, explicou en rolda de prensa que este descenso súmase os xa rexistrados no mes de abril e maio, pero apelou á "cautela" á hora de interpretar estas cifras.

17

Novos xacementos de emprego

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo en Santiago unha xuntanza coa directora executiva da Oficina Internacional do Traballo (OIT), María Angelica Ducci



- ▶ A Xunta estudará posibles vías de colaboración coa OIT para buscar novos viveiros de emprego no sector do turismo.

15

A Xunta promove o uso das novas tecnoloxías no eido social como un novo viveiros de emprego

- ▶ Beatriz Mato destacou que en tempos de crise é necesario avogar pola mellora dos servizos sociais e pola busca de novos nichos para crear postos de traballo.

16

Feijóo presenta a Axenda Dixital 2014.gal como unha oportunidade económica, que xerará o 6% do PIB e creará máis de 12.000 postos de traballo, e unha oportunidade social que beneficiará a todos os galegos

14

Diálogo social	2-3	Dependencia	11-13
Emprego-formación	4-7	BITeB's	13
Seguridade e saúde laboral	8	Xuventude	14-15
Igualdade	9	Publicacións	15
Benestar	10	Normativa	16-26

Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións
Coordinación:	Pepa Dabán Rojo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

DIÁLOGO SOCIAL

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu no Parlamento galego, a petición propia, para dar conta da situación desenvolvida ata o momento no seo do diálogo social en Galicia



- O colectivo feminino, da mocidade e persoas desempregadas sen prestación, principais destinatarios dos acordos do diálogo social
- Apostou por traballar por un “país que cree emprego, e non de subsidios”
- Informou de que, a través dun dos acordos do diálogo social, se destinarán 113 millóns ao fomento da contratación na lexislatura, que permitirán a contratación dunhas 25.000 persoas
- Mato destacou a importancia da “reforma profunda” do RISGA para evitar a “cronificación” das persoas en risco de exclusión, e co fin de que sexa unha “auténtica ferramenta de inclusión”
- Con respecto á modernización do Servizo Público de Emprego, destacou que xa se ten iniciado a nova clasificación dos demandantes de emprego e estará rematada en abril de 2011
- Segundo o acordado coa patronal e os axentes sociais, refórzase o apoio ás empresas, incrementando as liñas de financiamento ata chegar a mobilizar máis de 376 millóns de euros
- A conselleira eloxiou a responsabilidade mostrada polos axentes sociais e económicos e confiou en que a situación en Madrid non afecte á evolución do diálogo social en Galicia.

Santiago, 8 de xuño de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, explicou que os acordos do diálogo social acadados en Galicia ata o momento teñen como principais destinatarios as mulleres, os mozos e mozas e os desempregados sen prestacións nin subsidios, en tanto constitúen os colectivos máis afectados pola crise económica.

Así o salientou a titular do departamento autonómico durante unha comparecencia no Parlamento de Galicia, a petición propia, na que deu conta dos avances que se teñen logrado nas mesas do diálogo social. No proceso, ao que se “invitou a todos e non se pe-

chou a porta a ninguén”, participa a Administración autonómica –coa implicación de todas as súas consellerías-, a patronal e os sindicatos CCOO e UGT-Galicia.

Os obxectivos comúns dos participantes no diálogo social son favorecer a creación de emprego de calidade e aumentar a competitividade das empresas galegas. Neste sentido, Mato apostou por traballar por un país “que cree emprego e non se quede nos subsidios”.

En total, constituíronse catros mesas: de emprego e relacións laborais; de competitividade empre-

sarial e innovación; infraestruturas e desenvolvemento sostible; e políticas de benestar e cohesión social. A estas, hai que sumarlle a posta en marcha das mesas sectoriais da automoción, do naval e do téxtil, para abordar estratexias nestes sectores.

Ata o momento, no marco deste proceso, Mato sinalou que se mantiveron máis de 60 reunións, que permitiron chegar aos oito primeiros acordos en temas prioritarios. En concreto, céntranse no fomento da empregabilidade, da contratación e da estabilidade; no modelo do Servizo Público de Emprego; na mellora da xestión e financiamento do IGAPE; no apoio á internacionalización; no programa Empegatex; nas bases para elaborar a Lei galega de Inclusión Social e na constitución do Consello Galego de Benestar e da Mesa Galega dos Servizos Sociais.

Colectivos prioritarios

Un dos principais acordos acadados nas mesas do diálogo social foi a definición dos colectivos prioritarios das políticas activas de emprego, para ter en conta a aqueles sectores da poboación máis afectados pola crise económica. “De aí que os nosos esforzos vaian dirixidos prioritariamente aos desempregados sen subsidio e prestacións, ás mulleres e aos mozos e mozas”, asegurou Mato.

Máis polo miúdo, o acordo establece como colectivos prioritarios os desempregados de longa duración e aqueles sen prestación nin subsidios; os maiores de 45 anos; os mozos e mozas desempregados sen cualificación; as vítimas de violencia de xénero; ás mulleres; as persoas con discapacidade; e as persoas en risco de exclusión social.

Todos estes colectivos son prioritarios, xa desde este ano, en todas as políticas activas de emprego da Xunta de Galicia. Así o recolle xa a orde –publicada o 4 de maio- dotada con 27,4 millóns de euros para fomento, principalmente, da contratación indefinida inicial, así como para o fomento da contratación indefinida por transformación dun contrato temporal ou para contratación temporal de colectivos específicos.

Esta orde forma parte do Plan Autonómico de Emprego 2010-2013 e está dotada con 113 mi-

.../...

.../...

llóns de euros ata 2013, xa que haberá outra convocatoria anual. Deste xeito, habilitanse os mecanismos para crear máis de 25.000 contratos nese período. Deles, no que se refire á contratación indefinida inicial, máis do 60 por cento irán destinados ás mulleres, así como a mozos e mozas menores de 30 anos.

Benestar social

A conselleira fixo unha mención especial aos acordos acadados no diálogo social e que afectan ao benestar das persoas e á cohesión social. Así, tanto a Administración autonómica, como os axentes económicos e sociais, acordaron que unha das prioridades era a "reformulación dos instrumentos" para atención de persoas en risco de exclusión social e para evitar a súa "cronificación".

Neste marco de entendemento, decidiuse reformular a RISGA, que constitúe tamén un dos pasos necesarios para a formulación da Lei galega de inclusión social e "senta as súas bases".

En canto á RISGA, trátase da primeira revisión profunda tras quince anos de "reformas parciais". Grazas ás modificacións, a RISGA pasará a ser unha "auténtica ferramenta de inclusión" que "persegue a integración laboral fronte aos subsidios". Neste sentido, Mato lembrou ademais que a crise ten incrementado as novas necesidades para os galegos, de xeito que en 2009 rexistráronse 1.300 solicitudes máis que en 2007, atendéndose preto de 4.800 persoas beneficiarias de RISGA no pasado ano.

Deste xeito, a RISGA quedará establecida en tres tramos. O primeiro, "persoal e familiar", incorporará a posibilidade de acceder a un complemento para o pago de aluguer e establece contías proporcionais en función do número de persoas convivintes. O segundo, de inserción, está vinculado a un convenio de inclusión e un proxecto formativo á medida. E o último, será o de transición ao emprego.

Ademais, contempla novas situacións adversas e abre novas compatibilidades, como, por exemplo, non se retirará a renda por ingresos esporádicos, será compatible coa axuda por fillo a cargo e desaparece o máximo de idade de 65 anos.

No eido do benestar, acordouse tamén o borrador de proxecto de decreto para a creación do Consello Galego de Benestar Social, e para crear no seu seo o Observatorio Galego dos Servizos Sociais, tal e como establece a Lei de servizos sociais de Galicia.

Servizo Público de Emprego

Na súa intervención, Mato fixo tamén fincapé en que o diálogo social acordou a mellora do Servizo Público de Emprego. "É a nosa obriga asegurarnos que ningunha demanda queda baleira e é o noso compromiso facer que o desempleado atope un traballo", proseguíu a conselleira.

Por iso, as accións prioritarias fixadas no diálogo social pasan por aumentar a eficacia na mediación laboral, prestar asesoramento aos empresarios, impulsar o uso da internet, mellorar o equipamento das oficinas, reducir os tempos de espera e formar o persoal.

Co fin da mellora do servizo en xeral, é preciso optimizar todo o proceso de clasificación dos demandantes de emprego. Para iso, "introdúcese con máis forza a figura da entrevista persoal". Este novo modelo de clasificación xa se ten iniciado e estará rematado, para todos os demandantes de emprego, no mes de abril de 2011.

Ademais, acordouse a incorporación de dous centros de apoio ao empregador, que prestarán asesoramento aos ofertantes de postos de traballo. En total, no apartado do Servizo Público de Emprego está pactado investir 52,5 millóns de euros entre 2010-2013, dos que 12,5 corresponden a este exercicio. Ademais, constituíuse un grupo de traballo específico que revisará o funcionamento dos pactos territoriais de emprego e que elevará as súas propostas antes de que remate este ano.

Competitividade empresarial

Por outra banda, Mato sinalou que un dos acordos, que implica directamente á Consellería de Economía e Industria e ao IGAPE, fai referencia á mellora da competitividade empresarial.

Deste xeito, a titular do departamento autonómico apuntou que un dos acordos céntrase na reordenación dos procesos administrativos "para ofrecer unha resposta máis áxil, con períodos de resolución máis curtos e nunca superiores aos 90 días". Ademais, introdúcese o anticipo parcial do 50 por cento das subvencións concedidas para o investimento.

En canto ás novas liñas de colaboración, ábrese unha liña de apoio ao circulante, ampliación de capital e refinanciamento de pasivos; ademais doutra liña de financiamento plurianual para facilitar o acceso ao crédito de microempresas e emprendedores galegos. Crearase tamén un servizo de asesoramento integral de apoio aos autóno-

mos, ás pemes e ás microempresas.

No que se refire á internacionalización das empresas, acordouse crear o Observatorio Galego de Internacionalización como órgano colexiado dependente do IGAPE, e a Rede de plataformas empresariais no exterior (Rede Pexga). O IGAPE deseñará tamén un Plan estratéxico da Galicia empresarial no exterior e un Plan estratéxico de internacionalización da empresa galega 2011-2013. Estas novas liñas permitirán mobilizar investimento por un valor global de 376,5 millóns de euros.

Empregatex

O programa Empregatex foi o primeiro acordo ao que se chegou no marco do Diálogo Social. "Nace como unha resposta concreta para os traballadores do sector téxtil que sufriron despedimentos ou procesos de regulación de emprego". Trátase dun proxecto apoiado no Fondo europeo de adaptación á globalización.


En definitiva, Empregatex "constitúe unha vía para que eses traballadores atopen un novo futuro a través da asistencia na procura dun emprego, da reciclaxe profesional á medida, e a promoción do espírito empresarial". Conta con tres millóns de euros, que se investirán en dous anos, e persegue unha recolocación laboral de, polo menos, o 60 por cento dos participantes.

Medio prazo

A conselleira de Traballo destacou tamén que o diálogo social traballa "a medio prazo" noutros eixos de actuación. Deste xeito, sinalou que xa están conformados os grupos de traballo para avanzar no Plan Estratéxico de Prevención de Riscos Laborais 2011-2014; na reformulación dos pactos territoriais para o emprego; na investigación desenvolvemento e innovación; na modernización e innovación tecnolóxica; no Plan de Ordenación do Litoral; no Plan de Mobilidade; e no Plan de Vivenda.

Ademais, Mato eloxiou o grao de compromiso e responsabilidade amosado por todas as partes presentes no diálogo social e mostrou a súa "satisfacción" por terse avanzado en materia de políticas activas de emprego (inserción laboral, capacitación e competitividade) e en políticas sociais, o que permite mellorar a protección dos "colectivos máis vulnerables". Finalmente, a conselleira confiou en que a situación do diálogo social en Madrid non afectará á evolución do proceso en Galicia.

Feijóo presenta a Axenda Dixital 2014.gal como unha oportunidade económica, que xerará o 6% do PIB e creará máis de 12.000 postos de traballo, e unha oportunidade social que beneficiará a todos os galegos



Santiago, 25 de xuño de 2010.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, presentou a Axenda dixital 2014.GAL como unha oportunidade económica, que creará máis de 12.000 postos de traballo e xerará o 6% do PIB, e unha oportunidade social que beneficiará a todos os galegos. "Presentamos 2014.GAL: a estratexia completa, con obxectivos e presupostos concretos que nos permita abandonar o vagón de cola en materia tecnolóxica e converxer tanto cara a fóra, co resto de España e de Europa, como cara a dentro, para garantir que a tecnoloxía estea ao alcance de todos os galegos e en todos os ámbitos da sociedade, en todas as casas, en todas as empresas e en todos os departamentos da Administración".

Segundo explicou, 2014.GAL está chamada a ser un dos principais motores de crecemento nos vindeiros anos, e neste sentido subliñou que supón o maior investimento de fondos públicos da autonomía para o desenvolvemento da sociedade de información: "máis de 935 millóns serán achegados pola Xunta ata 2014 e xerarán un investimento total de 1.600 millóns de euros".

"Un investimento xerador de emprego, xa que agardamos que cree máis de 12.000 empregos ata 2014; e un investimento xera-

dor de riqueza, xa que a previsión é aumentar a súa actividade económica en 800 millóns de euros, pasando do 4,8% do PIB na actualidade, ao 6% en 2014, iniciando así a senda da converxencia con España e con Europa no que representa este sector para a economía dun país", engadiu.

Así mesmo, destacou que se trata dun investimento rendible, xa que as novas tecnoloxías permitirán evitar trámites innecesarios e duplicidades; e polo tanto propiciarán un notable aforro de tempo e de diñeiro.

O beneficio ao cidadán como denominador común

No tocante á oportunidade social, o presidente da Xunta afirmou que as TIC deben entenderse como parte do desenvolvemento integral de todos e cada un dos galegos. "Como unha panca -dixo- de cambio social, cultural, educativo, sanitario, das Pemes, das grandes empresas, da inmigración, de cada un dos ámbitos de actuación do goberno de Galicia. A Axenda Dixital de Galicia que agora ve a luz, pretende avanzar en diferentes eixos, todos eles co beneficio ao cidadán como denominador común".

Co obxecto de facer máis accesible todo o abano de posibilidades que as tecnoloxías ofrecen a todas as xeracións de galegos, esta axenda pretende aumentar o coñece-

mento e a capacitación tecnolóxica dos galegos. "Os nenos e mozos necesitan o coñecemento das TIC porque o mundo actual non se concibe sen esta formación; os maiores poden explorar as novas tecnoloxías para relacionarse mellor cos demais; e a formación e capacitación en materia de TIC son un elemento clave nunha época onde o emprego está a ser tan castigado pola crise, os traballadores mellor formados terán máis doado o acceso a un emprego de calidade".

Feijóo subliñou que se porán en marcha iniciativas concretas que permitan a todos os galegos ser autónomos tecnoloxicamente falando: "levarase a cabo o despregamento das tecnoloxías no ámbito educativo para que 87.000 alumnos as empreguen con carácter normal en 2013, en máis de 1.000 centros educativos; e a posta en marcha da Rede Cemit permitirá que máis de 60.000 persoas sexan formadas e valoradas coa posta en marcha dun sistema de acreditación das competencias dixitais adquiridas".

Modernizar a Administración para facela máis eficiente e próxima

A Axenda Dixital de Galicia permitirá modernizar a Administración para facela máis eficiente e próxima á sociedade, facendo realidade unha verdadeira relación telemática cos cidadáns gracias a unha Xunta de Galicia aberta as 24 horas e os 365 días do ano.

"Marcámonos o obxectivo de que en 2014 todos os expedientes administrativos poidan ser tramitados pola internet; e marcámonos o obxectivo de garantir que o 100% dos funcionarios públicos teñan competencias dixitais para conseguir unha verdadeira Administración electrónica".

Segundo o titular do Goberno galego, todos os departamentos públicos poderán guiarse por esta estratexia colectiva; "non só os departamentos da Administración central da Xunta, senón o resto de Administracións, como a local e provincial ou a Administración de Xustiza".

.../...

.../...

Así mesmo, 2014.GAL é un motor de innovación que recolle a creación dunha Factoría de Emprendedores TIC que axude os emprendedores a converter as súas ideas en materia de Tecnoloxías da Información en empresas reais; e inclúe a posta en marcha dun Sistema de compra pública de tecnoloxía Innovadora para que as administracións dispoñan de solucións avanzadas para fomentar a innovación no sector TIC.

Pensando nos autónomos e nas pequenas empresas, desenvolveranse medidas para apoiar a incorporación das TIC á súa xestión. Neste sentido, o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia actuará como demostrador de solucións TIC e crearase unha rede de titores tecnolóxicos que apoiem os empresarios e autónomos.

Solucións en materia de calidade de vida e cohesión social

2014.GAL tamén dá solucións en materia de calidade de vida e cohesión social. Deste xeito, constitúirase un Servizo Integral de Atención ao Maior, unha resposta ás crecentes necesidades no eido sociosanitario que pasa polo aproveitamento do potencial das TIC para prestar servizos no domicilio.

Así mesmo, incentivarase tamén o fogar dixital, un modelo no que se utilicen intensivamente os elementos de seguridade, confort e aforro enerxético baseados nas TIC. O que significa: servizos de teleasistencia, maior seguridade e eficiencia enerxética.

Para acadar todos estes obxectivos, Feijoo aseverou que é necesario a implicación de todos, para que ningunha parte da poboación permaneza en risco de exclusión dixital. "Penso que ese traballo témolo completado con éxito porque todos somos conscientes de que todos saímos beneficiados deste proceso de aceleración dixital que hoxe poñemos en marcha".

"As tecnoloxías da información e a comunicación nos permiten estar máis preto dos cidadáns e con maior intensidade; e son o medio máis barato, áxil e sinxelo para poder achegar a todas as persoas, independentemente do lugar no que vivan. E poder garantir esa Galicia global á que pertencen", concluíu.

A Xunta estudará posibles vías de colaboración coa OIT para buscar novos xacementos de emprego no sector do turismo



- ▶ Beatriz Mato, mantivo unha xuntanza no seu despacho coa directora executiva da Oficina Internacional do Traballo (OIT), María Angelica Ducci, e o director da OIT en España, Juan Hunt
- ▶ Na xuntanza destacaron a necesidade de buscar novos nichos de mercado laboral baseados na calidade e, por iso, precisou a necesidade de incidir na formación para acadar empregos cualificados
- ▶ Mato resaltou a importancia de fortalecer o diálogo social e explicou que en Galicia xa se avanzou moito neste proceso lembrando que xa se chegaron aos oito primeiros acordos coa patronal e sindicatos en temas prioritarios como son o fomento da empregabilidade, da contratación e da estabilidade.

Santiago, 11 de xuño de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo en Santiago unha xuntanza coa directora executiva da Oficina Internacional do Traballo (OIT), María Angelica Ducci, e o director da OIT en España, Juan Hunt, para abordar posibles vías de colaboración para buscar novos xacementos de emprego no sector do turismo, prestando especial atención ao Camiño de Santiago.

De feito, o Goberno galego coincidiu coa OIT na importancia de buscar novos nichos de mercado laboral baseados na calidade. Neste sentido, Mato destacou que a Xunta está a apostar, entre outros ámbitos, pola área do turismo como fonte de dinamización empresarial e xeración de riqueza que crea non só postos de traballo directos, senón tamén indirectos.

Ao respecto, incidiu na importancia da formación para conseguir "unha maior especializa-

ción" e, desta maneira, crear postos laborais máis estables, ao tempo que explicou que o turismo é un sector onde se xera emprego "a curto prazo", sempre que se aposte pola cualificación, a formación e pola competencia lingüística.

Así mesmo, na xuntanza abordouse a importancia da celebración este ano do Xacobeo para afondar nas posibilidades que ten Galicia no sector do turismo.

Por outra banda, Mato coincidiu con Ducci en que nestes momentos de crise hai que avogar por promover as normas e os principios e dereitos fundamentais no traballo; por xerar maiores oportunidades para que mulleres e homes poidan ter empregos e ingresos dignos; por mellorar a cobertura e a eficiencia dunha seguridade social para todos; e, por último, por fortalecer o diálogo social.

A Xunta promove o uso das novas tecnoloxías no eido social como un novo viveiro de emprego

Vigo, 22 de xuño de 2010.- A Xunta de Galicia está a fomentar o uso das novas tecnoloxías e a súa aplicación no eido social non só para garantir o acceso desta ferramenta ás persoas con discapacidade e maiores en xeral para mellorar a súa calidade de vida, senón tamén como un novo nicho de emprego.

Así o explicou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na clausura das Xornadas de E-Accesibilidade da Escola Técnica Superior de Enxeñería de Telecomunicacións de Vigo.

"Sabemos que as posibilidades son crecentes, polo que apostamos por este xacemento de dinamización empresarial e de empregos cunha posición especialmente firme nestes tempos, nos que é necesario apostar pola mellora dos servizos sociais e tamén pola creación de emprego", destacou Mato.

Explicou, ao respecto, que o pulo ao desenvolvemento das novas tecnoloxías para mellorar a prestación dos servizos sociais está contemplando no Plan de Actuación Social 2010-2013 que está a desenvolver o Goberno galego en colaboración cos organismos e entidades máis representativas no eido social.

Así, o Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia inclúe dentro da área de actuación da accesibilidade o obxectivo específico de promover a eliminación de toda clase de barreiras, tamén no eido da información e da comunicación.

A conselleira tamén expuxo que o Plan Galego de Maiores, na área de acción sobre a eficacia asistencial, promoverá a investigación, desenvolvemento e innovación con fin de pór en marcha novos recursos e servizos orientados á mellora da atención deste colectivo.

Entre as medidas deseñadas para a consecución deste obxectivo figura o apoio da investigación orientada ao desenvolvemento destes novos recursos e servizos a través de dúas vías: a achega de financiamento a proxectos de investigación galegos, estatais e europeos e a creación de bolsas de investigación dentro do sistema universitario galego.

Por último, a titular do departamento autonómico considerou "moi satisfactorio" a organización de encontros como o desenvolvido en Vigo pola Escola Técnica Superior de Enxeñería de Telecomunicacións de Vigo, xa que apuntou que "un acceso xeneralizado da poboación ás novas tecnoloxías é unha garantía de equidade e de igualdade de oportunidades".

Traballo financiará 15 programas de formación e asesoramento para novos proxectos empresariais



Santiago, 22 de xuño de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asinou un convenio de colaboración co director xeral da Fundación Instituto Cameral para a Creación e Desenvolvemento da Empresa (INCYDE), Ángel Colomina, e o presidente do Consello Galego de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación, José García, para a realización, durante o ano 2010, dun total de 15 programas de formación e asesoramento empresarial.

Trátanse duns cursos destinados a emprendedores e empresas co obxectivo de que constitúan unha fonte de detección, desenvolvemento e valoración de posibles ideas empresariais para a súa posta en funcionamento, principalmente, nos viveiros de empresas das cámaras de comercio de Galicia.

En concreto, os cursos irán dirixidos a emprendedores que contén cunha idea de negocio e desexen realizar un proxecto viable de creación de empresa para a súa posterior posta en funcionamento e a empresarios que queiran consolidar o seu negocio, mellorar a rendibilidade da súa empresa ou avaliar outras alternativas de expansión.

Así, Beatriz Mato considerou que este proxecto é "prioritario" para o

departamento que dirixe, en tanto "presta apoio, asesora e forma a todas as persoas que decidan crear a súa propia empresa ou consolidar a que xa posúen".

O orzamento previsto para esta actuación ascende a 575.000 euros, dos que o departamento autonómico, a través da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, colaborará cunha partida de 115.000. O financiamento previsto no convenio realizarase con cargo aos fondos do Programa Operativo que o Fondo Social Europeo aprobou para INCYDE e serán cofinanciados con fondos propios da consellería. INCYDE alcanzará con cargo ao citado plan o 80 por cento restante, un total de 460.000 euros.

O custo unitario por cada curso de creación e consolidación de empresas estímase en 37.500 euros aínda que se nalgún caso, ata un máximo de catro, se require a introdución adicional dun módulo especializado, a cantidade elevarase ata os 40.625 euros.

A finalidade fundamental dos programas de formación e asesoramento é proporcionar unha visión global das distintas áreas funcionais da empresa para poder determinar oportunidades de mercado a través de ferramentas de xestión e desenvolvemento de proxectos de empresas

EMPREGO - FORMACIÓN

INFORME DO PARO REXISTRADO

Santiago, 2 de xullo de 2010.- O número de desempregados rexistrados en Galicia baixou en 8.682 persoas no mes de xuño, o que supón un descenso, en termos relativos, do 3,8 por cento, fronte ao 2,06 por cento da media do Estado. Deste xeito, o número de parados na Comunidade autónoma situouse en xuño nas 219.825 persoas. Esta baixada rexistrada supera a media dos meses de xuño dos últimos oito anos.

Así o apuntou a directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, quen valorou en rolda de prensa os datos do paro rexistrado correspondentes ao mes de xuño. Na súa intervención, sinalou que o descenso rexistrado en Galicia a sitúa como a cuarta Comunidade autónoma onde máis baixou o paro este mes e destacou que a diminución de Galicia representa o 10 por cento do total do Estado.

Ademais, lembrou que este descenso se suma aos datos positivos xa rexistrados nos meses de abril e maio, con descensos en 2.533 persoas e 5.409 respectivamente. Fixo fincapé tamén na magnitude

desta diminución, xa que, desde 2002, os únicos meses de xuño nos que se rexistraron baixadas maiores foron os dos anos 2005 e 2006.

Con todo, apelou á "prudencia e á cautela" porque se tratan de datos nos que inflúe a "estacionalidade" do verán, polo que "non se pode falar dun cambio de tendencia" ata que se manexen os datos da evolución de todo o ano.


Con respecto aos sectores, o desemprego baixou en todos eles. O maior descenso produciuse no sector servizos, con 5.083 desempregados menos, relacionado directamente co "efecto do Xacobeo". O desemprego descendeu tamén na construción (-1.774), na industria (-1.552), na agricultura e na pesca (-262), e, "por primeira vez nos últimos meses", no colectivo sen emprego anterior (-11).

Con respecto aos datos desagregados por sexo e idade, a directora xeral apuntou que o maior descenso foi o dos homes maiores de 25 anos, cunha baixada de 4.074. Con todo, o desemprego redúcese en todos os tramos segundo os parámetros de sexo e idade.

Por provincias, o número de desempregados baixou nos catro territorios, rexistrándose o maior descenso en Pontevedra (-3.547), seguido por A Coruña (-2.801), por Lugo (1.299), e, finalmente, por Ourense (-1.035).

No que respecta á comparativa interanual, Galicia segue mantendo o diferencial positivo con respecto á media do Estado. En concreto, en termos interanuais, o paro medrou en Galicia un 9,78 por cento (19.585 persoas), fronte ao 11,71 do total de España. Neste punto, Díaz López lembrou que o incremento interanual na comunidade galega no mesmo período do ano anterior (xuño de 2008 - xuño de 2009) era do 31,12 cento, isto é, 47.532 persoas máis, polo que neste exercicio se reduciu a "bastante máis" da metade.

En Galicia rexistráronse un total de 62.803 contratos, 7.866 máis que no mes anterior. Deste total, 5.538 foron indefinidos (8,82 por cento) e 57.265 temporais (91,18%). En canto á afiliación á Seguridade Social en Galicia, esta aumentou en termos mensuais nun 0,38 por cento.



SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

No mes de maio reduciuse a sinistralidade laboral en Galicia un 6,18%

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2010.- A sinistralidade laboral baixou en Galicia un 6,18% o pasado mes de maio, cun total de 2.990 accidentes, fronte aos 3.187 rexistrados no mesmo período do ano pasado. Do total dos rexistrados, 2.945 foron leves, 43 de carácter grave e 2 resultaron mortais.

Analizando os datos por sectores, a meirande diminución foi na construción, cunha baixada do 13,46%; seguido da industria, cunha redución do 13,12%; mentres nos restantes sectores de actividade prodúcense incrementos, que no caso da agricultura é do 12,24%, nos servizos do 2,45% e na pesca do 0,97%. Por provincias, a accidentalidade descende en Pontevedra un 11,16% e na Coruña un 6,78%. En Ourense aumenta un 10,19% e en Lugo un 2,41%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, é preciso tomar en considera-

ción o índice de incidencia, é dicir, a comparación entre os datos de accidentes en relación co número de traballadores coas continxencias de accidente cubertas. A variación do índice de incidencia total dos accidentes de Galicia supón unha diminución do 3,84%, ao pasar do 384,48 no 2009 aos 369,70 accidentes por cada 100.00 traballadores no 2010, esta diminución é menor que a da contabilidade dos accidentes por mor de que tamén diminuíron os traballadores afiliados. O índice de incidencia máis favorable foi na industria, cunha diminución do 9,06%, seguido da construción cun 3,57%; mentres que na agricultura medrou un 20,46%; na pesca un 3,81%, e nos servizos un 2,55%.

Diminución do 4,71% nos primeiros cinco meses do ano

Para dimensionar máis axeitadamente a interpretación destes datos, é necesario contextualizalos na sinistralidade acumulada ao longo do ano. Desde

xeito, considerando os resultados correspondentes aos primeiros cinco meses de 2010, obsérvase que baixou en Galicia un 4,71%, cun total de 15.577 fronte a 16.347 no mesmo período de 2009.



Traballo inviste 2,7 millóns de euros en fomentar o emprego en empresas de economía social e en promocionar o cooperativismo

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar tamén pon en marcha axudas destinadas á mellora da competitividade, ao impulso de proxectos novos, a asistencia técnica e ao fomento do acceso á condición de socio traballador.

Santiago, 28 de xuño de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar vén de publicar a orde de axudas destinada a fomentar o emprego en empresas de economía social e a promocionar o cooperativismo. En total, o departamento autonómico inviste unha contía inicial de 2,7 millóns de euros nesta iniciativa.

Máis en concreto, o obxecto deste proxecto é promover a incorporación de persoas desempregadas ás entidades de economía social, apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación e modernización destas empresas, mellorar a súa competitividade e promover o cooperativismo.

Para acadar estas metas, a orde establece un total de cinco programas: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais; mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais; impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica; fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a; e actividades de promoción do cooperativismo.

O programa de fomento de emprego en cooperativas e sociedades laborais establece un conxunto de axudas orientadas a facilitar a incorporación das persoas desempregadas, como socios e socias traballadores/as ou de traba-

llo nas cooperativas ou sociedades laborais galegas, ao considerar as distintas fórmulas de autoemprego colectivo como medidas eficaces para a xeración de emprego, mobilización de recursos, corrección de desequilibrios comarcais e fixación de man de obra produtiva, establecendo vínculos de interese mutuo entre a poboación e o seu propio territorio.

Así mesmo, preténdese mediante incentivos para o financiamento dos investimentos en inmaterializado material e inmaterial, aumentar a competitividade destas empresas co obxectivo último de manter o seu emprego.

Os programas de promoción do cooperativismo establecen axudas para o impulso de proxectos empresariais cooperativos, incluso na fase previa a súa constitución formal. Foméntase especificamente o acceso á condición de socios e socias traballadores/as para incentivar a plena integración na empresa cooperativa e, ademais, establécense axudas para a realización de actividades de promoción do cooperativismo e adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións.

Polo tanto, os beneficiarios das axudas son desde as persoas desempregadas ata as propias cooperativas e sociedades laborais, tanto de nova creación, como aquelas que acometan novos proxectos.

Este ano ampliáanse os beneficiarios dos distintos programas e incrementase sensiblemente a contía das distintas modalidades de axuda, prevéndose a súa concesión en réxime de concorrencia competitiva.

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o 24 de xullo de 2010.

Traballo está a revisar todos os convenios colectivos para valorar o seu cumprimento da normativa de igualdade de xénero



Santiago, 30 de xuño de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, sinalou que o Goberno galego puxo en marcha a Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva. Isto supón que, por primeira vez en Galicia, estanse a revisar os textos de todos os convenios colectivos para valorar o seu cumprimento da normativa en materia de igualdade de xénero.

Así o asegurou hoxe Mato, durante a clausura das xornadas da Asociación para o Progreso da Dirección (APD) sobre "Empresas e conciliación. Casos de éxito. Igualdade de oportunidades no ámbito directivo", que tiveron lugar en Santiago de Compostela.

Na súa intervención, a conselleira apostou por que "toda a sociedade" traballe en conxunto co fin de acadar a "igualdade real" entre homes e mulleres. Neste sentido, destacou que o departamento que dirixe está a actuar en deseñar medidas "no eido das relacións laborais, no eido familiar e no eido social".

Así, entre as distintas actuacións que detallou,

- ▶ Así o apuntou hoxe a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na clausura das xornadas da Asociación para o progreso da dirección (APD) sobre liderado empresarial feminino
- ▶ Neste eido de actuación, o departamento autonómico elaborou tamén un catálogo de empresas obrigadas a facer plans de igualdade
- ▶ Ademais, puxo en marcha a Marca galega de excelencia empresarial en igualdade e está a ultimar o Plan de emprego feminino.

Mato fixo fincapé na revisión dos convenios colectivos, un labor que corresponde ao servizo de Igualdade e Benestar deste departamento autonómico. Nesta mesma liña de actuación, lembrou que a consellería elaborou un catálogo de empresas obrigadas a facer plans de igualdade.

Ao respecto deste punto, sinalou que xa se puxo en marcha a Marca galega de excelencia empresarial en igualdade. Trátase dun distintivo dirixido ás empresas que destaquen pola súa aposta pola igualdade. A súa obtención implica o cumprimento de distintos parámetros como a axeitada representación de mulleres na totalidade de grupos e categorías profesionais, as garantías efectivas de igualdade nas retribucións e a mellora nos dereitos de conciliación, ou as medidas de prevención dos riscos laborais das mulleres.

Tamén no eido laboral, a consellería está xa ultimando no marco do diálogo social o deseño do Plan de emprego feminino, que fomentará a inserción laboral das mulleres, e que será un dos piares do Plan autonómico de emprego. Ademais, tamén se está a realizar un estudo sobre a flexibi-

lización dos postos de traballo, para facer compatible a vida persoal, laboral e familiar.

Por outra banda, Mato apuntou tamén que a consellería dedica "grandes esforzos" á conciliación. Neste sentido, apostou por poñer en marcha un número suficiente de prazas de educación infantil, e recordou que o Plan de Actuación Social prevé crear 4.500 prazas máis de 0 a 3 anos desde agora e ata o 2013. A esta medida, engádesse unha axeitada atención aos dependentes; e o apoio técnico e económico ás medidas municipais de conciliación.

No eido social e familiar, o departamento autonómico está tamén a facer avances, como o anteproxecto da Lei de familia, que fomentará a conciliación e a corresponsabilidade.

Finalmente, Mato concluíu que todas estas medidas reflicten o "firme compromiso" da Xunta por lograr a equidade real entre homes e mulleres e por dar resposta á "imparable" transformación da estrutura sociolaboral.

O mercado laboral debe seguir transformándose para dar cabida á igualdade e á conciliación

Santiago, 30 de Xuño de 2010.- A secretaria xeral da Igualdade, Marta González, recoñeceu que en tempos de crise como os actuais é difícil concienciar ás empresas da necesidade de continuar apostando polas políticas de igualdade e conciliación, e advertiu que a sociedade, e o mercado de traballo, ten un déficit de igualdade e conciliación que terá graves consecuencias se non se lle pon solución.

Na inauguración da xornada "Empresas e conciliación. Casos de éxito. Igualdade de oportunidades no ámbito directivo", Marta González

recoñeceu que a implantación de plans de igualdade no tecido empresarial español e galego, veuse limitado a un grupo pequeno de empresas, e que unha parte deles "non pasan de ser o acordo previo ao desenvolvemento posterior do plan".

"Unha parte importante dos plans limítanse a ser acordos de boas intencións, moi loables pero pouco prácticos, xa que falla o seu desenvolvemento e seguimento", afirmou a secretaria xeral, que considerou que a situación económica actual non é a máis adecuada para a súa implantación real, aínda que "serían unha boa ferramenta para

saír da crise", xa que "a igualdade de oportunidades é un bo investimento para as empresas".



BENESTAR

Xunta e Cruz Vermella colaboran nun programa de mediación para a inserción laboral de persoas en forte risco de exclusión



A Coruña, 25 de xuño de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar colabora con Cruz Vermella no desenvolvemento do seu servizo de mediación laboral, destinado á inserción no mercado laboral das persoas en forte risco de exclusión.

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asinou na Coruña un convenio de colaboración coa presidenta do comité autonómico de Cruz Vermella, Carmen Colmeiro.
- ▶ Mato lembrou que o Plan de Actuación Social do Goberno galego aspira a inserir laboralmente a 4.900 persoas con especiais dificultades desde este ano a 2013.

De feito, a titular deste departamento autonómico, Beatriz Mato, asinou na Coruña un convenio de colaboración neste sentido coa presidenta do comité autonómico de Cruz Vermella, Carmen Colmeiro. En total, a Consellería de Traballo e Benestar achega unha contía de 52 mil euros a este programa.

Os labores deste servizo céntranse en motivar e acompañar as persoas durante o proceso de integración sociolaboral, coa finalidade de garantir o acceso ao emprego daquelas que precisan dunha atención máis exhaustiva.

Deste xeito, préstase información e asesoramento

cara ao emprego; realízanse itinerarios de inserción sociolaboral, como accións de orientación individual ou grupal, formación en habilidades prelaborais e capacitación profesional, ou xestión de prácticas en empresas; e lévase a cabo un traballo na contorna para promover a igualdade de oportunidades e de trato no acceso ao emprego, a través da sensibilización e da difusión.

Mato eloxiou o obxectivo desta iniciativa, e fixo fincapé en que o Goberno galego “tamén confía plenamente no potencial integrador do emprego”.

Así, explicou que este programa “comparte” os principios do Plan de Actuación Social 2010-2013: confianza nas persoas, impulso ás súas posibilidades e aposta polas políticas activas de emprego. De feito, lembrou que este plan aspira a inserir laboralmente a 4.900 persoas con especiais dificultades entre este ano e 2013.

Nesta mesma liña de actuación, a conselleira inscribiu tamén a reformulación da RISGA acordada no diálogo social, na que se “reforza” a importancia dos itinerarios persoais de emprego para garantir a eficacia deste programa. “Estamos a sentar as bases para a configuración dunha sociedade máis inclusiva”, concluíu.

Os internos que toman parte no módulo Nelson Mandela de Teixeira poderán incorporarse aos circuitos formativos sociolaborais da Xunta

Curtis (A Coruña), 25 de xuño de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, constatou de primeira man os avances que están a desenvolver os 74 internos do cárcere de Teixeira que participan na actualidade no módulo Nelson Mandela. Trátase dunha iniciativa pioneira non só en Galicia, senón tamén no resto de centros penitenciarios de España e Europa. O seu obxectivo principal é a reinserción social das persoas que están próximas a acadar a liberdade.

A titular do departamento autonómico comprobou “in situ”, nunha visita que fixo á prisión, as habilidades e coñecementos que están a adquirir os internos para facilitarles a súa incorporación familiar e laboral cando saian en liberdade.

Alí, Mato explicou que o proxecto Nelson Mandela, pioneiro en Galicia polas actividades que nel se desenvolven, poderá incorporarse en próximos meses aos circuitos formativos sociolaborais da Conse-

llería de Traballo. Ao respecto, explicou que a intención é que os internos poidan obter formación homologada nos obradoiros que desenvolvan para, desta forma, saír en liberdade cunha cualificación específica e profesional certificada.

“É importante contar cun nexo de unión e unha relación directa dentro e fóra do cárcere, para que co traballo de formación que os internos realizan no centro, podamos derivalos, unha vez que xa están en liberdade, aos recursos que dispón a Administración”, apuntou. Así, Mato sinalou que unha vez que os internos acadan a liberdade a Xunta mantén o seu apoio a través da rede do Plan de Inclusión Social de Galicia, que é a encargada de facer un seguimento das persoas que están integradas neste programa.

Neste sentido, Mato destacou que é “fundamental” contar cunha rede de inclusión social para acadar a reinserción social dos internos. “Sen unha rede que coordine o traballo dentro e fóra non se pode acadar este obxectivo”, precisou.



- ▶ A conselleira da Traballo e Benestar cos internos do cárcere de Teixeira.

A Xunta recibe o Premio á Excelencia na Xestión Residencial polo seu programa de turismo social destinado a máis de 3.000 maiores



Madrid, 16 de xuño de 2010.- A Xunta de Galicia vén de recibir en Madrid un premio á excelencia na xestión residencial polo programa de turismo social que este ano beneficiou a máis de 3.300 maiores. A conseleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, recolleu en representación do Goberno galego o galardón do Grupo Júbilo, co que se recoñece o

traballo que está a levar a cabo a Administración autonómica para fomentar o envellecemento activo e a dinamización social das persoas maiores.

Así, Galicia foi este ano a rexión elixida para recibir o premio á excelencia á Comunidade autónoma, unha das oito categorías dos Premios á Excelencia na Xestión Residencial do Grupo Júbilo, que este ano celebrou a súa sétima edición.

O secretario xeral de Política Social, Francisco Moza, foi o encargado de entregar o premio á titular de Traballo e Benestar, consistente nunha escultura exclusiva e orixinal elaborada ad hoc para estes galardóns que realizou o artista Pedro Requejo Novoa.

Mato expresou a súa gratitude polo galardón recibido e fixo fincapé na importancia de apostar "agora máis que nunca" pola calidade e a eficacia na prestación dos servizos sociais.

A conseleira expuxo que o programa de turismo social xa está consolidado en Galicia, aínda que recalco que este ano a Comunidade autónoma fixo "un gran esforzo" para incrementar no só a súa dotación económica e o número de prazas, senón tamén a diversificación da oferta.

De feito, a titular de Traballo e Benestar lembrou que a iniciativa contou en 2010 con 3.389 prazas, 500 máis que en 2009, e destacou que o investimento ascendeu a máis de 1,2 millóns de euros.

O programa de turismo social oferta estadias de ocio para os maiores en diversas modalidades; en turismo termal, en turismo de intercambio con Portugal e, como novidade este ano, deu a oportunidade ás asociacións de maiores de Galicia e de fóra da Comunidade autónoma de conmemorar o Ano Xanto Xacobeo poñendo a súa disposición prazas en residencias de tempo libre.

Outra das novidades que ofreceu este ano o plan foi que por primeira vez se reservaron na modalidade de turismo termal un total de 100 prazas para persoas con discapacidade.

"O programa de turismo social é parte visible da aposta da Xunta por priorizar nas súas políticas sociais ás persoas maiores", apuntou, ao tempo que indicou que con esta iniciativa o que se pretende é "conxugar un programa de tempo libre de calidade coa promoción da saúde, aproveitando para elo o importante peso do termalismo en Galicia".

A Xunta financia as estadias dos maiores nos balnearios, unha subvención que nalgúns casos chega ata o 50 por cento, en concreto, na modalidade de só turismo termal.

Un dos obxectivos dos premios á Excelencia na Xestión Residencial é promover a eficacia na prestación de servizos sociais especializados nas persoas maiores para mellorar a súa calidade de vida.

O presidente da Xunta asiste á XXXII Xuntanza dos Maires no Carballiño



O Carballiño (Ourense), 12 de xuño de 2010.- A XXXII edición da Xuntanza de Maires do Carballiño congregou a máis de 20.000 persoas procedentes non só do territorio galego, senón tamén doutras comunidades autónomas como Asturias e Castilla y León. Trátase dunha das festas de maiores máis importantes da Comunidade autónoma, que organiza a Consellería



de Traballo e Benestar e que como na edición pasada contou coa asistencia do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo.

A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, foi a encargada de presidir o acto de benvida de todos os participantes. Na súa intervención destacou que a súa presenza na festa cum-

priu con varios obxectivos, aínda que resaltou que o fundamental foi escoitar as demandas de todos eles porque subliñou que "a Xunta de Galicia conta coas súas achegas".

De feito, lembrou na localidade ourensá que a Administración autonómica xa ten definido o Plan Galego de Persoas Maires e sinalou que na actualidade as máis de 100 medidas que se propón no documento se están a debater con todas as entidades implicadas para introducir as súas achegas.

"Non é un documento máis, xa que o plan ratifica a liña de feitos xa iniciada por este Goberno que está baseada nunha idea fundamental, que os maiores formen parte activa desta sociedade", apuntou Mato.

DEPENDENCIA

Mato reclama ao Goberno Central que afronte a realidade e abra o debate do financiamento da Lei de dependencia



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar lamentou que a orde do día do Consello territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia non incluíse o cofinanciamento real na prestación de servizos
- ▶ Nestes momentos, na oferta de servizos, a que prioriza a lei, non se está a dar a cofinanciación xa que a achega do Goberno central baséase nos graos de dependencia e non na atención concreta que se presta ás persoas dependentes
- ▶ Mato explicou a negativa da Xunta á aplicación dos novos criterios fixados para o reparto plurianual 2010-2013 do nivel acordado porque suporá a perda de 3 millóns de euros para Galicia, o que significa preto dun 9 por cento menos que o ano anterior
- ▶ Sinalou que este novo reparto obedece á conxelación por parte do Estado das partidas fixas que recibe cada comunidade autónoma
- ▶ O Estado non tivo en conta as alegacións da Xunta que pediu que os factores de dispersión poboacional e taxa de envellecemento tivesen máis peso nos novos criterios de reparto para este período.

Madrid, 1 de xuño de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, reclamou ao Goberno central que afronte "dunha vez por todas" o debate do "financiamento real" da tramitación da Lei de dependencia. A titular do departamento autonómico demandou ao Estado que analice a "verdadeira" achega que precisa esta lei. Fíxoo durante o Consello territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia que se celebrou en Madrid.

Así, Mato apelou a que o Goberno central non pode seguir fuxindo da realidade e aplicando "a técnica de escapismo" no que se refire ao financiamento da tramitación de dependencia tras afirmar que o debate do nivel mínimo –o que reciben as autonomías por cada dependente atendido– non estivo presente na orde do día do Consello territorial.

A conselleira explicou que este financiamento debe fixarse en base aos servizos e non tendo en conta a clasificación das persoas dependentes segundo o seu grao e nivel, dado que este sistema está a causar un grave desequilibrio

financeiro nas autonomías ao tempo que non se está a cumprir o cofinanciamento recollido na lei.

Por esta razón, destacou que a normativa debe modificarse, xa que a filosofía da lei é a aposta por bo funcionamento dos servizos.

"Se todos estamos convencidos de que a mellora da lei se acadaría apostando pola eficacia dos servizos, porque é o que garante unha atención de calidade aos cidadáns e non as prestacións económicas, non entendemos que hoxe non se fale do financiamento destes servizos", subliñou Mato.

A titular de Traballo e Benestar apuntou, ademais, que a súa solicitude está avalada pola falta de eficacia que se constatou nos tres anos de vigor desta lei, nos que ningunha comunidade ten acadado o cumprimento do cen por cento da atención.

"É unha lei que non é eficiente nin en Galicia nin no resto de comunidades e proba disto é a aplicación dos recortes nesta lei, é dicir, o aprazamento recollido nun decreto por parte do Estado da débeda que temos adquirida cos dependentes que están a esperar a aplicación da normativa", sinalou.

Mato fixo así referencia ao Real decreto aprobado no Congreso no que se elimina o carácter retroactivo das axudas por un período de seis meses e se permite pagar os atrasos en cinco anos. Neste punto os directores das

áreas de dependencia das comunidades autónomas reuniranse o próximo luns en Madrid na Comisión Delegada de Dependencia para analizar cómo afectará o desenvolvemento deste decreto nas autonomías.

Desta maneira, Mato resaltou que o cofinanciamento por servizos e non por graos de dependencia é o que se debe debater porque é onde- afirmou- existe o desequilibrio entre o Estado e as comunidades autónomas.

Un recorte de 3 millóns de euros

Por outra banda, a conselleira criticou o recorte de preto dun 9 por cento que suporá para Galicia este ano a aplicación dos novos criterios no apartado do nivel acordado, é dicir, a aplicación dos parámetros para o reparto plurianual 2010-2013 da partida fixa que cada ano se reparte entre as autonomías. Este recorte significará para Galicia a perda de 3 millóns de euros en 2010.

Ao respecto, Mato lamentou que o Estado non atendese as alegacións que a Xunta presentou a cada un dos fondos dos novos criterios establecidos. Explicou, neste sentido, que a alegación principal que fixo Galicia foi que non se tivesen en conta as características da súa dispersión poboacional, así como a súa taxa de envellecemento, xa que lembrou que en Galicia é a terceira máis alta de todo o Estado.

Mato recibe en Santiago ás máis de 500 persoas con discapacidade intelectual que percorreron o Camiño con Special Olympics



Santiago, 20 de xuño de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, recibiu en Santiago de Compostela ás preto 530 persoas con discapacidade intelectual que percorreron o Camiño nunha iniciativa organizada por Special Olympics.

Na culminación desta peregrinación xacobeá, que comezou o pasado 14 de xuño, a conselleira eloxiou o espírito de "superación, de encontro cun mesmo e de compañeirismo" de

todos os participantes.

Neste sentido, fixo fincapé en que estes son os valores que defende o Goberno galego, e reafirmou a súa aposta por unha "sociedade inclusiva en todos os ámbitos" e "con oportunidades para todas e para todos".

Así, como mostra firme deste compromiso, recordou que o departamento autonómico de Traballo e Benestar está a ultimar o Plan de Acción Integral para Persoas con Discapacidade

de Galicia, de carácter transversal, e no que están a colaborar, "da man" coa Administración autonómica, as entidades, profesionais e organizacións que traballan día a día con esta realidade.

A este respecto, sinalou que a previsión é que —a través deste diálogo— todas as medidas estean acordadas antes do día 30 deste mes. Todas estas actuacións perseguen a protección e promoción dos dereitos das persoas con discapacidade, o fomento da súa autonomía persoal e a mellora dos recursos sociais e socio-sanitarios destinados a este colectivo.

Peregrinación

Na peregrinación que hoxe rematou, tomaron parte participantes de Valencia, Castela e León, Castela A Mancha, Asturias e Andalucía. O Goberno galego colaborou co investimento de 85.000 euros (achegados pola Consellería de Traballo e Benestar e pola S.A. de Xestión do Xacobeo) e co apoio de 27 voluntarios, organizados pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, que prestaron axuda aos camiñantes.

Os peregrinos —dos que máis de 300 procederon de asociacións galegas— estiveron acompañados, en todo momento, por membros do equipo de Special Olympics e por monitores.

Máis de 300 maiores participaron nun programa pioneiro en Galicia para previr a dependencia

Vilagarcía, 2 de xuño de 2010.- O programa pioneiro 'Saber envellecer, previr a dependencia' que se puxo en marcha en Galicia de forma pioneira o pasado mes de decembro en 15 centros sociais de maiores da Xunta chega ao seu fin. Na iniciativa, que desenvolve a Obra Social Caja Madrid en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar, participan 323 maiores de toda a Comunidade autónoma nos 23 obradoiros e cursos de formación que se están a impartir aínda nalgúns centros.

Traballo inviste por primeira vez un millón de euros en accións formativas destinadas á inserción laboral das persoas inmigrantes

O Diario Oficial de Galicia publicou a orde destinada aos desempregados inscritos como demandantes no Servizo Público de Emprego ou persoas ocupadas (DOG nº 106, do 7.06.2010).

Poderán solicitar as axudas, no prazo dun mes a partir do día seguinte á publicación no DOG., as entidades que teñan personalidade xurídica propia e carezan de fins lucrativos e as corporacións locais.

Benestar financia un proxecto piloto no rural ourensá para a inserción laboral de persoas con discapacidade

Baños de Molgas (Ourense), 7 de xuño de 2010.- A Xunta de Galicia impulsará a inserción laboral de 40 persoas con discapacidade na provincia de Ourense. Será grazas a un proxecto de integración social e laboral das persoas con discapacidade no ámbito rural que se desenvolverá nas mancomunidades de Allariz-Maceda e a de Santa Águeda.

O proxecto, incluído no II Plan de Inclusión Social, será executado por Aspanas ao abeiro dun convenio de colaboración que a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asinou hoxe coa Asociación de Pais en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Ourense (Aspanas) na localidade de Baños de Molgas.

XUVENTUDE

A nova Rede galega de centros de xuventude ampliará e unificará todos os servizos e os recursos destinados á mocidade galega



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, presentaron en rolda de prensa a iniciativa “Espazo Xove”
- ▶ Trátase de actualizar o equipamento e funcións dos centros da xuventude que dependen do Goberno galego e de ofrecer unha información transversal e integral aos mozos e mozas
- ▶ Poranse en marcha novos servizos en todos os centros, como zonas de emancipación e espazos destinados á creatividade e ás novas tecnoloxías
- ▶ Crearase un programa de animación xuvenil para promover as actividades e actuacións dirixidas á mocidade
- ▶ Os centros Quérote ampliarán a súa temática de atención e comezarán a prestar servizo en 18 localidades, fronte ás 7 nas que existen actualmente

que ofrecen á mocidade os distintos departamentos da Xunta.

Para conseguir estes obxectivos, a conselleira sinalou que se adaptará e ampliará a actual rede de centros de xuventude do Goberno galego. Actualmente, hai 12 casas da Xuventude en Noia, Carballo, Betanzos, Pontedeume, Curtis, Viveiro, Vilalba, Chantada, Ourense, Lalín, Vilagarcía e Tui. Ademais, hai un centro coordinador de información xuvenil en Santiago e o centro xuvenil LUG. A esta rede hai que sumar os sete centros Quérote que existen na xeografía galega. Algúns deles están integrados en casas da xuventude, mentres que outros están en espazos independentes, polo que é preciso “conseguir unha homoxeneización”, para que se presten os mesmos servizos en todos os centros da rede.

Polo tanto, ‘Espazo Xove. Rede Galega de Centros de Xuventude’ permitirá, entre outras melloras, que todas as súas instalacións dispoñan dos mesmos servizos.

Máis servizos

Así, os centros disporán, segundo concretou Mato, dunha oficina territorial da Rede de información xuvenil, na que se ofertarán as accións, servizos e recursos destinados á mocidade. Estas oficinas contarán cunha zona de emancipación diferenciada, onde destacarán as actuacións en materia de vivenda e de traballo.

Santiago, 29 de xuño de 2010.- ‘Espazo Xove. Rede Galega de Centros de Xuventude’ ampliará todos os servizos destinados á mocidade que actualmente prestan as instalacións dependentes da Xunta, ao tempo que unificará nun mesmo emprazamento todos os recursos dirixidos aos mozos e mozas, para ofrecerlles unha información integral e de utilidade.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, anunciou a creación desta nova rede nunha rolda de prensa na que estivo acompañada polo director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro. Para poñer en marcha este proxecto, o Goberno galego investirá ao redor de dous millóns de euros desde este ano a 2012, que financiarán, principalmente, a mellora das infraestruturas, os equipamentos infor-

máticos e os programas de animación.

Mato contextualizou a posta en marcha desta iniciativa co fin de dar resposta a unha “dobre necesidade”. Segundo explicou, é preciso “acometer un cambio profundo” na infraestrutura dos centros de xuventude dependentes da Xunta, tanto “no que se refire ao equipamento como as propias funcións”, que hai que adaptar e actualizar ás demandas da mocidade. Neste sentido, lembrou que moitas das instalacións e funcións datan de hai 20 anos.

Por outra banda, a segunda necesidade á que responde este proxecto é a de ofrecer aos mozos e mozas unha información “transversal, completa e de utilidade”. Deste xeito, nos centros ofrecerase toda a información de interese e sobre todos os recursos

.../...

.../...

Os centros incluírán tamén “celeiros da creatividade”, que serán espazos de promoción da creatividade de xuvenil, nos que se incluírán salas de exposición ou zonas para accións formativas. Ademais, nos casos nos que sexa posible, instalarase un local de ensaio musical, como nos casos de Tui e Lalín.

As instalacións da rede disporán da “zona.net”, unhas salas dotadas con medios técnicos relacionados coas novas tecnoloxías, ademais dun espazo propio para a formación en Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC). Os centros de Xuventude contarán tamén cun programa de animación xuvenil, con persoal que se ocupará de promover actividades e actuacións en materia de xuventude, sobre todo aquelas relacionadas coa educación non formal da mocidade.

Quérote +

Por último, todos os centros da Rede disporán do espazo Quérote+. Este servizo suporá a ampliación dos actuais centros da rede Quérote, de xeito que ofrecerán orientación en máis eidos que no afectivo-

sexual, sen que isto supoña ningunha diminución nos servizos que viñan prestando. Ademais de ampliar a súa temática, este servizo pasará a estar presente en 18 localidades, xa que actualmente está só en 7. Así, as vilas de Noia, Carballo, Betanzos, Pontedeume, Curtis, Viveiro, Vilalba, Chantada, Lalín, Vilagarcía de Arousa e Tui pasarán a contar con este servizo.

De feito, a previsión é que no último trimestre deste ano xa se teñan implantado todos os programas, a excepción dos “zona.net” e dos celeiros da creatividade, xa que a súa execución irá en consonancia coa realización das obras e adaptacións a realizar nos centros.

Actualmente, xa se ten comezado a formación complementaria do persoal das casas da xuventude e tamén do persoal dos centros Quérote, co fin de que se especialicen nas novas temáticas que teñen que abordar. Tamén están en fase de valoración as ofertas recibidas para a contratación das obras en Noia, Carballo, Betanzos, Pontedeume, Curtis e Lalín, unha mellora das infraestruturas ás que se

irán sumando o resto dos centros nos próximos exercicios.

Hai que destacar que o cadro de persoal que traballa actualmente en todos estes centros é de 51 persoas, de distintas especialidades, como psicólogos, traballadores sociais, ou educadores sociais. Todos os profesionais prestan servizos tanto en materia de ocio e lecer ou formación; así como en orientación, información e derivación das problemáticas xuvenís aos servizos profesionais e especializados nos mesmos, como nos casos de problemas relacionados directamente coa saúde.

En definitiva, Mato sinalou que esta Rede trata de cumprir varios obxectivos: facer máis visibles as políticas en materia de xuventude e máis accesibles os recursos para a mocidade; traballar a creatividade, as novas tecnoloxías e a participación xuvenil; converter os actuais centros Quérote nun servizo de asesoramento integral; e dinamizar todas as medidas incluídas no Plan Estratéxico de Xuventude 2010-2013.

Galicia e Castela e León cooperarán na formación, coordinación e apoio á xuventude das dúas comunidades



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o conselleiro de Familia e Igualdade de Oportunidades de Castela e León, César Antón Beltrán, firmaron en Santiago un convenio de colaboración en materia de xuventude

Santiago, 14 de xuño de 2010.- A Xunta de Galicia e o Goberno de Castela e León colaborarán activamente en materia de xuventude, de forma que abordarán conxuntamente accións de formación, coordinación e apoio aos mozos e mozas das dúas comunidades autónomas.

Con este fin, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o conselleiro de Fami-

lia e Igualdade de Oportunidades de Castela e León, César Antón, asinaron en Santiago un convenio de colaboración, acto no que tamén estiveron o director xeral de Xuventude, Ovidio Rodeiro, e o director do Instituto de Xuventude de Castela-León, Sergio Montoya.

Este acordo inscribíse no protocolo xeral de colaboración firmado a principios deste ano polos presidentes de Galicia e

Castela e León, que persegue mellorar a coordinación e aproveitar as sinerxias entre as dúas comunidades veciñas. O convenio recolle accións conxuntas en materia de formación, información, participación e mobilidade xuvenil, difusión e promoción de novos creadores, iniciativas de mozos e mozas emprendedores e coordinación en accións transfronteirizas.

PUBLICACIÓNS

PUBLICACIÓNS XUÑO 2009

As publicacións editadas pola consellería no mes de xuño son as seguintes:

- ▶ BITEB nº 53, xuño 2010.
- ▶ Galicia. Informe do para rexistrado. Maio 2010.
- ▶ Saídas profesionais Comarcais. 2010.
- ▶ Vis a vis. Revista do Módulo 1 “Nelson Mandela”. Centro Penitenciario de Teixeiro. Nº1, ano 2010.
- ▶ Música Xove. (CD musical).



Ver libro
normativa en
pdf



NORMATIVA DOG

- Resolución do 28 de maio de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2010-2011 nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG nº 104, do 3.06.2010).
- Resolución do 28 de maio de 2010, do Departamento Territorial de Lugo, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2010-2011 nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG nº 104, do 3.06.2010).
- Resolución do 28 de maio de 2010, do Departamento Territorial Ourense, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2010-2011 nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG nº 104, do 3.06.2010).
- Resolución do 28 de maio de 2010, do Departamento Territorial de Vigo, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2010-2011 nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG nº 104, do 3.06.2010).
- Orde do 26 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 106, do 7.06.2010).
- Orde de 27 de maio de 2010 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións para a realización de accións de orientación, formación e inserción laboral dirixidas a persoas inmigrantes, e se procede á súa convoca-
- toria. (DOG nº 106, do 7.06.2010 e corrección de erros: DOG nº 114, do 17.06.2010)
- Resolución do 2 de xuño de 2010, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas en especie consistentes na entrega do equipamento necesario para garantirles aos fogares galegos dos colectivos en risco de exclusión social a recepción das canles da TDT a través do satélite. (DOG nº 107, do 8.06.2010).
- Resolución do 18 de maio de 2010 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 14 de maio de 2010 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG nº 107, do 8.06.2010).
- Resolución do 3 de xuño de 2010, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos nas áreas de traballo e benestar no ano 2009. (DOG nº 108, do 9.06.2010).
- Orde do 26 de maio de 2010 pola que se crea un ficheiro de datos de carácter persoal existente na Consellería de Traballo e Benestar. (DOG nº 110, do 11.06.2010).
- Orde do 26 de maio de 2010 pola que se modifica a Orde do 19 de febreiro de 2010, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2010. (DOG nº 110, do 11.06.2010).
- Orde do 21 de maio de 2010 pola que se convocan para o exercicio do ano 2010 as subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e o desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade e/ou outras medidas municipais de conciliación. (DOG nº 111, do 14.06.2010).
- Orde do 31 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 111, do 14.06.2010).
- Orde do 1 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 111, do 14.06.2010).
- Orde do 4 de xuño de 2010 pola que se fai pública a minoración do importe existente para a concesión das axudas e subvencións para o fomento do emprego, convocadas pola Orde do 10 de marzo de 2010, pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 111, do 14.06.2010).
- Orde do 9 de xuño de 2010 pola que se

regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia a través do cheque infantil en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos, e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 111, do 14.06.2010).

- Orde do 18 de maio de 2010 pola que se convoca un curso de formación en emancipación xuvenil e orientación laboral. (DOG nº 112, do 15.06.2010).
- Orde do 21 de maio de 2010 pola que se convoca un curso de formación en estudos sobre a xuventude, metodoloxía para a produción e análise de datos. (DOG nº 112, do 15.06.2010).
- Orde do 1 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións para sufragar os gastos de organización interna e funcionamento das entidades asociativas de traballadores autónomos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 112, do 15.06.2010).
- Orde do 2 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 112, do 15.06.2010).
- Orde do 19 de maio de 2010 pola que se convoca un curso de formación en modelos teóricos para a comprensión da mocidade. (DOG nº 113, do 16.06.2010).
- Orden do 20 de maio de 2010 pola que se convoca un curso da temporalidade na xuventude: lecer, tempo libre, consumo e condutas de risco. (DOG nº 113, do

16.06.2010).

- Orde do 9 de xuño de 2010 pola que se modifica a Orde do 18 de marzo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de axudas individuais destinadas á promoción da autonomía persoal e a accesibilidade, e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 114, do 17.06.2010).
- Orde do 7 de xuño de 2010 pola que se regulan e se convocan para 2010 axudas de carácter extraordinario a traballadores e traballadoras afectados por situacións de especial dificultade como consecuencia de procesos de reestruturación de empresas da Comunidade Autónoma de Galicia que supoñan a extinción dos seus contratos (DOG nº 115, do 18.06.2010).
- Decreto 97/2010, do 10 de xuño, polo que se modifica o Decreto 33/2007, do 1 de marzo, polo que se crea a Unidade de Muller e Ciencia de Galicia. (DOG nº 117, do 22.06.2010).
- Orde do 9 de xuño de 2010 pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2010/2011. (DOG nº 117, do 22.06.2010).
- Orde do 4 de xuño de 2010 pola que se regula a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia. (DOG nº 118, do 23.06.2010).
- Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010. (DOG nº 119, do 24.06.2010).
- Orde do 14 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras dos

programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 119, do 24.06.2010).

- Orde do 24 de xuño de 2010 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2010, e se actualizan con efectos 1 de xuño as contías das súas retribucións. (DOG nº 120, do 25.06.2010).
- Orde do 15 de xuño de 2010 pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan prazas de colaboradores-bolseiros para residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar. (DOG nº 120, do 25.06.2010).
- Resolución do 10 de xuño de 2010 pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Instituto Galego de Seguridade Laboral no primeiro cuadrimestre do ano 2010. (DOG nº 121, do 28.06.2010).
- Decreto 101/2010, do 17 de xuño, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2011 na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 122, do 29.06.2010).
- Orde do 9 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e se convocan para o exercicio 2010. (DOG nº 123, do 30.06.2010).
- Orde do 10 de xuño de 2010 pola que se recoñece Devagar como escola de tempo libre. (DOG nº 123, do 30.06.2010).

NORMATIVA DOUTRAS CCAA



ANDALUCÍA

- Orden de 18 de mayo de 2010, por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de ayudas por el Instituto Andaluz de la Juventud a asociaciones juveniles, federaciones de asociaciones juveniles, secciones juveniles, entidades sin fines de lucro y grupos de corresponsales juveniles, en materia de juventud, y se efectúa su convocatoria para el ejercicio 2010. (BOJA do 07.06.2010)
- Orden de 18 de mayo de 2010, por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de ayudas por el Instituto Andaluz de la Juventud a Entidades Locales Andaluzas para la realización de actuaciones en materia de juventud, así como a municipios que hayan obtenido la calificación de municipio joven de Andalucía, y se efectúa su convocatoria para el ejercicio 2010. (BOJA do 07.06.2010)
- Decreto-Ley 3/2010, de 8 de junio, por el que se modifica, amplía y aprueba una nueva edición del Programa de Transición al Empleo de la Junta de Andalucía (PROTEJA). (BOJA do 11.06.2010)
- Orden de 26 de mayo de 2010, por la que se modifica la Orden de 28 de mayo de 2009, por la que se aprueban las bases reguladoras para la concesión de subvenciones para programas e infraestructuras destinados al arraigo, la inserción y la promoción social de personas inmigrantes, dirigidas a entidades privadas sin ánimo de lucro y universidades públicas, en el ámbito de las competencias de la Dirección General de Coordinación de Políticas Migratorias, y se efectúa su convocatoria para el año 2010. (BOJA do 11.06.2010)
- Decreto 298/2010, de 25 de mayo, por el que se crea el Observatorio Andaluz de la Violencia de Género y se regula su composición y funcionamiento. (BOJA do 15.06.2010)
- Resolución de 7 de junio de 2010, de la Dirección General de Infancia y Familia, por la que se convoca la cuarta edición de los premios «Andaluna de Atención a la Infancia». (BOJA do 16.06.2010)

- Decreto 307/2010, de 15 de junio, por el que se determinan los órganos competentes para la imposición de sanciones por infracciones en el orden social. (BOJA do 18.06.2010)
- Orden de 28 de mayo de 2010, por la que se establecen las bases reguladoras de la concesión de subvenciones, por el Instituto Andaluz de la Mujer, a las Universidades públicas de Andalucía y a otras Universidades públicas que tengan centros con sede en Andalucía para la realización de actividades en materia de igualdad de género, y se efectúa su convocatoria para el año 2010. (BOJA do 22.06.2010)

ARAGÓN

- Orden de 14 de mayo 2010, del Departamento de Servicios Sociales y Familia, por la que se hace pública la convocatoria de subvenciones destinadas a entidades locales y entidades sin ánimo de lucro de la Comunidad Autónoma de Aragón, con cargo al Fondo para la promoción de la accesibilidad y supresión de barreras, durante 2010. (BOA do 02.06.2010)
- Resolución de 5 de mayo de 2010, de la Dirección Gerencia del Instituto Aragonés de la Juventud, por la que se hace pública la convocatoria para la cobertura de plazas en las Residencias Juveniles del Gobierno de Aragón, para el curso escolar 2010/2011. (BOA do 02.06.2010)
- Ley 2/2010, de 26 de mayo, de igualdad en las relaciones familiares ante la ruptura de convivencia de los padres. (BOA do 08.06.2010)
- Resolución de 28 de mayo de 2010, de la Dirección Gerencia del Instituto Aragonés de Empleo, por la que se convocan para el año 2010 las subvenciones para el funcionamiento de las Unidades de apoyo a la actividad profesional en los Centros Especiales de Empleo. (BOA do 10.06.2010)
- Orden de 21 mayo de 2010, del Departamento de Servicios Sociales y Familia, por la que se regula el régimen de acceso y adjudicación de plazas de servicio de ayuda a domicilio, centros de día, centros ocupacionales y residen-

cias ofertadas por el Gobierno de Aragón. (BOA do 16.06.2010)

- Orden de 8 de junio de 2010, de la Consejera de Servicios Sociales y Familia, por la que se modifica la Orden de 24 de septiembre de 2009, del Departamento de Servicios Sociales y Familia, por la que se convocan, para 2010, las subvenciones destinadas a la financiación de actuaciones a favor de la integración social de la población de origen extranjero residente en Aragón. (BOA do 17.06.2010)
- Resolución de 2 de junio de 2010, de la Dirección Gerencia del Instituto Aragonés de Empleo, de convocatoria de los Programas de Inserción en el Empleo. (BOA do 18.06.2010)
- Decreto 111/2010, de 7 de junio, del Gobierno de Aragón, por el que se establecen ayudas sociales de carácter extraordinario a favor de los pensionistas por jubilación e invalidez, en sus modalidades no contributivas, y de los beneficiarios de pensiones por ancianidad y enfermedad. (BOA do 21.06.2010)
- Orden 21 de junio de 2010, del Departamento de Servicios Sociales y Familia, por la que se incrementa la cuantía total destinada a la convocatoria de subvenciones en materia de cooperación para el desarrollo correspondiente al año 2010. (BOA do 29.06.2010) .

ASTURIAS

- Resolución de 18 de mayo de 2010, del Servicio Público de Empleo, por la que se aprueba la 1.ª programación y se conceden subvenciones públicas para 2010 con destino a la realización de acciones de formación dual para la mejora de la adaptabilidad y empleabilidad de los trabajadores/as del Principado de Asturias, cofinanciadas con cargo al Programa Operativo del Fondo Social Europeo del Principado de Asturias para el período de programación 2007-2013. (BOPA do 3.06.2010)
- Resolución de 21 de mayo de 2010, del Servicio Público de Empleo, por la que se aprueba la 2.ª programación y se conceden subvenciones públicas para 2010 con destino a la realización de acciones de formación para la mejo-

ra de la adaptabilidad y empleabilidad de los trabajadores/as del Principado de Asturias, cofinanciadas con cargo al Programa Operativo del Fondo Social Europeo del Principado de Asturias para el período de programación 2007-2013. (BOPA do 4.06.2010)

- Resolución de 26 de mayo de 2010, del Servicio Público de Empleo, por la que se determina la forma y plazo para la presentación de las solicitudes de subvención previstas en el Real Decreto 196/2010, de 26 de febrero (BOE de 27 de febrero de 2010), por el que se establecen medidas para facilitar la reinserción laboral así como el establecimiento de ayudas especiales a los trabajadores afectados por los expedientes de regulación de empleo 76/2000, de 8 de marzo de 2001, y 25/2001, de 31 de julio de 2001. (BOPA do 7.06.2010)
- Resolución de 31 de mayo de 2010, del Instituto de Desarrollo Económico del Principado de Asturias, por la que se aprueba la convocatoria de ayudas para la concesión de subvenciones dirigidas a empresas del Principado de Asturias, dentro del marco temporal aplicable a las medidas de ayuda estatal, para facilitar el acceso a la financiación de proyectos innovadores, en el actual contexto de crisis económica y financiera, para el ejercicio 2010. (BOPA do 8.06.2010)
- Resolución de 7 de mayo de 2010, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se aprueban las bases reguladoras de la concesión de subvenciones a favor de entidades sin ánimo de lucro para el desarrollo de programas dirigidos a personas mayores. (BOPA do 15.06.2010)
- Resolución de 20 de mayo de 2010, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se aprueba la convocatoria de subvenciones a favor de entidades sin ánimo de lucro para el desarrollo de programas en el ámbito de los servicios sociales especializados dirigidos al colectivo de personas mayores. (BOPA do 15.06.2010)
- Resolución de 5 de mayo de 2010, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se aprueban las bases reguladoras de la concesión de subvenciones a favor de entidades sin ánimo de lucro para el desarrollo de programas en el ámbito de los servicios socia-

les especializados dirigidos a la integración de las personas con discapacidad y sus familias. (BOPA do 16.06.2010 e corrección de errores no BOPA do 25.06.2010)

- Resolución de 11 de junio de 2010, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se aprueba la convocatoria de subvenciones a favor de entidades sin ánimo de lucro para el desarrollo de programas en el ámbito de los servicios sociales especializados dirigidos a la integración de las personas con discapacidad y sus familias. (BOPA do 16.06.2010)
- Resolución de 2 de junio de 2010, de la Consejería de Presidencia, Justicia e Igualdad, por la que se ordena la publicación de la adenda al Convenio de Colaboración entre el Principado de Asturias, a través de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, y el Ayuntamiento de Illas para la construcción del centro rural de apoyo diurno para personas mayores dependientes. (BOPA do 17.06.2010)
- Resolución de 2 de junio de 2010, de la Consejería de Presidencia, Justicia e Igualdad, por la que se ordena la publicación del Convenio de Colaboración entre el Principado de Asturias, el Excmo. Ayuntamiento de Avilés y la Fundación San Martín para el acceso a la vivienda a los colectivos de población más desfavorecidos. (BOPA do 17.06.2010)

CANARIAS

- Rectificación de la corrección de errores de la Ley 1/2010, de 26 de febrero, Canaria de Igualdad entre Mujeres y Hombres (BOC nº 45, de 5.3.10). (BOC do 2.06.2010)
- Resolución de 14 de mayo de 2010, del Presidente, por la que se corrige error de hecho material existente en la Resolución de 7 de abril de 2010, del Presidente, que establece las convocatorias para el año 2010 de Subvenciones para el Fomento del Empleo a través de la Creación de Empresas. (BOC do 3.06.2010)
- Resolución de 24 de mayo de 2010, por la que se dispone la publicación del Convenio de Encomienda de Gestión suscrito entre la Consejería de Bienestar Social, Juventud y Vivienda y la Fundación Canaria Sagrada Familia para la prestación de determinados servicios

en materia de Dependencia. (BOC do 3.06.2010)

- Orden de 25 de mayo de 2010, por la que se aprueban las bases, con vigencia indefinida, que han de regir en la concesión de subvenciones destinadas a la ejecución del objetivo general intermedio nº 5 del Plan Integral del Menor en Canarias, correspondiente a equipos territoriales especializados para la atención de menores en situación de riesgo. (BOC do 7.06.2010)
- Resolución de 7 de junio de 2010, por la que se efectúa convocatoria para la concesión durante el año 2010 de subvenciones destinadas a la ejecución del objetivo general intermedio nº 5 del Plan Integral del Menor en Canarias correspondiente a equipos territoriales especializados para la atención de menores en situación de riesgo. (BOC do 17.06.2010)
- Resolución de 21 de junio de 2010, del Presidente, por la que se modifica el programa de fomento de la empleabilidad "Trabajoven" y se aprueba la convocatoria del mismo para el ejercicio 2010, en el marco del Plan Canarias Emplea. (BOC do 30.06.2010)

CANTABRIA

- Orden EMP/51/2010, de 16 de mayo, por la que se establecen las bases reguladoras y se aprueba la convocatoria para el ejercicio 2010, de las subvenciones en materia de formación de oferta mediante la ejecución de planes formativos dirigidos prioritariamente a los trabajadores ocupados. (BOC do 04.06.2010)
- Orden PRE/13/2010, de 31 de mayo, por la que se regula la convocatoria y el régimen jurídico de las subvenciones a las Casas de Cantabria para financiar los préstamos destinados a la adquisición, construcción o rehabilitación de inmuebles que constituyan las sedes e instalaciones sociales para el año 2010. (BOC do 08.06.2010)
- Propuesta de resolución provisional de la Orden EMP/1/2010, de 4 de enero, por la que se aprueban las bases reguladoras y la convocatoria de concesión de subvenciones para financiar inversiones en equipamientos de las Entidades Locales de la Comunidad Autónoma de Cantabria. (BOC do 29.06.2010)

- Orden EMP/53/2010, de 22 de junio, por la que se establecen las bases reguladoras y se aprueba la segunda convocatoria para el año 2010 de subvenciones destinadas a la conciliación de la vida laboral, familiar y personal de mujeres trabajadoras o desempleadas con hijas y/o hijos a su cargo o personas incapacitadas sometidas a su tutela. (BOC do 30.06.2010)

CASTILLA - LA MANCHA

- Decreto 98/2010, de 01/06/2010, por el que se establece la estructura orgánica y las competencias de la Consejería de Empleo, Igualdad y Juventud. (DOCM do 8.06.2010)

CASTILLA Y LEÓN

